
DIARIO DE ANA FRANK

Texto de ANNE FRANK

Tradución de TOMÁS RUIBAL

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 456 páx. 18 €.

ISBN 978-84-19213-44-0. Factoría K. Narrativa.

*Espero confiarcho todo como non puiden facer con ninguén,
e que sexas un grande apoio para min.*

O “Diario de Ana Frank” foi escrito entre o 12 de xuño de 1942 e o 1 de agosto de 1944 no ático de Amsterdam onde Ana e a súa familia se esconderon dos nazis. A obra publicouse ao rematar a II Guerra Mundial e axiña se converteu nun clásico en todo o mundo -traducido a dúcias de linguas- por ser un gran e atemporal testemuño da memoria histórica, dos millóns de voces caladas durante o Holocausto.

Nas páxinas desta nova edición, enriquecida con moitas pasaxes non publicadas anteriormente, Ana móstrase coma unha rapaza sincera e vital. Unha adolescente contraditoria, vulnerable, sensible e, sobre todo, namorada da vida.


Ana debullará os seus segredos máis fondos: a descuberta do amor e da sexualidade, a rebeldía contra as inxustizas, a análise social e política desde o seu agocho, o xenocidio e a barbarie que acontecían no exterior, fóra da “casa de atrás”... Mais tamén están presentes no seu diario as vivencias dos que están obrigados a compartir TODO, mesmo o medo e a esperanza, mentres o seu mundo se esnaquiza.

O diario vese interrompido en agosto de 1944, cando a familia Frank e a familia Van Pels -que se ocultaba canda eles- foron descubertos pola Gestapo e levados ao campo de concentración de Auschwitz. Ana foi deportada a Berger-Belsen e faleceu entre finais de febreiro e principios de marzo de 1945.

A publicación deste libro único e necesario está promovida por [Anne Frank Fonds](#), fundada en Basilea en 1963 polo pai de Ana, Otto H. Frank, que foi o único do grupo dos oito escondidos que sobreviviu aos campos de concentración. Esta organización benéfica doa a UNICEF parte dos beneficios das vendas do libro para chamar a atención sobre os dereitos da infancia en todo o mundo.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** relato en primeira persoa dunha experiencia marcada pola II Guerra Mundial e polo nazismo.
- **Idade recomendada:** a partir de 15 anos.
- **Aspectos destacables:** historia, holocausto nazi; adolescencia; familia; outros títulos relacionados: “[A historia de Erika](#)”, de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti); “[O neno do pixama a raias](#)”, de John Boyne (Kalandraka).
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/diario-de-ana-frank-g>

FRAGMENTO DA OBRA:

Xoves 25 de maio de 1944

Todos os días pasa algo novo. Esta mañá detiveron a Van Hoesen. Na súa casa había dous xudeus agachados. É un duro golpe para nós, non só porque eses pobres xudeus están agora ao bordo do abismo, senón porque tamén é horrible para Van Hoesen. O mundo está patas arriba. Aos máis honrados lévanos aos campos de concentración, aos cárceres e ás celas solitarias, e a escoura goberna a grandes e pequenos, pobres e ricos. A uns píllanos por vender no mercado negro, a outros por axudar os xudeus ou outros agochados, e ninguén que non pertenza ao movemento nacionalsocialista sabe o que pode pasar mañá. Tamén para nós é unha enorme perda o de Van Hoesen. Bep non pode nin debe cargar co peso das patacas; o único que nos queda é comer menos. Xa che contarei como o arranxamos, pero seguro que non será agradable. Mamá di que non haberá máis almorzo que papa de avea e pan ao mediodía, e polas noites patacas fritas, e quizais verdura ou leituga unha ou dúas veces á semana, non máis. Pasaremos fame, pero calquera cousa é mellor que ser descubertos.

Túa, Ana M. Frank